

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 19 DE AGOSTO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e corenta e cinco minutos do día dezanove de agosto do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D^a M^a Lucía Ledo Fernández, SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 5 E 12 DE AGOSTO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendentes de aprobación os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 5 e 12 de agosto do 2013.

SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E MULLER

2º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVICIOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER S/SOLICITUDE DE APROBACIÓN DA CREACIÓN DE UNHA CLÁUSULA NOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS, INFORMES, PUBLICACIÓN E PUBLICIDADE POR TERCEIRAS ENTIDADES, QUE GARANTA O RESPECTO E O CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

_____ Dase conta de proposta de data 8.8.13 da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, referente a solicitude de aprobación da creación de unha cláusula nos pregos de prescricións técnicas para a realización de estudos, informes, publicacións e publicidade por terceiras entidades, que garanta o respecto e o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*D^a DOLORES GALLEGO SANTOS, CONCELLEIRA DE SERVICIOS SOCIAIS,
SANIDADE E MULLER*

EXPOSICIÓN:

Tendo en conta o 3º Plan de igualdade de oportunidades e trato de mulleres e homes de Cangas 2011-2013, no seu eixo 1 titulado Transversalidade, Empoderamento e Participación Social, na súa Area A Sensibilización e formación en Igualdade conta coa acción 1.A.2.4, na que marca o impulso á creación de unha cláusula nos pregos de prescricións técnicas para a realización de estudos, informes, publicacións e publicidade por terceiras entidades, que garanta o respecto e o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

PROPOSTA:

Solicitud de aprobación da creación de unha cláusula nos pregos de prescricións técnicas para a realización de estudos, informes, publicacións e publicidade por terceiras entidades, que garanta o respecto e o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, referente a solicitude de aprobación da creación de unha cláusula nos pregos de prescricións técnicas para a realización de estudos, informes, publicacións e publicidade por terceiras entidades, que garanta o respecto e o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

CONTRATACIÓN

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "MONITOR/ES DOS CURSOS DE PERSOAS MAIORES PARA O PERÍODO 2013/2014".

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 14.8.13, referente ó inicio de expediente de contratación do servizo de "MONITOR/ES DOS CURSOS DE PERSOAS MAIORES PARA O PERÍODO 2013/2014", que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Dada a necesidade deste concello de contratar o servizo de 'Monitor/es dos cursos de persoas maiores para o período 2013/2014', para os efectos de organizar un programa de actividades destinadas ás persoas maiores, aportando diferentes recursos e materias, co obxecto de diversificar e ampliar o elenco de actividades a realizar.

Visto que, dada a característica do servizo parece que o procedemento mais adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, xa que o importe do contrato non superará a contía de 60,00 euros, I.V.E do 21% excluído.

Despois de examinar a documentación achegada e de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- *Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato de servizos de 'Monitor/es dos cursos de persoas maiores para o período 2013/2014', por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía.*

SEGUNDO.- *Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.*

TERCEIRO.- *Que a interventora municipal faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e que emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto e emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.*

CUARTO.- *Que Secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente ó inicio de expediente de contratación do servizo de "MONITOR/ES DOS CURSOS DE PERSOAS MAIORES PARA O PERÍODO 2013/2014".

4º.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE "POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO EN DONÓN".

Vista a resolución da Alcaldía de data 14.8.13, referente a adxudicación do contrato de servizo de "POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO EN DONÓN", que é como segue:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de 'Posta en valor do xacemento arqueolóxico do monte do Facho en Donón'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L.L.', con CIF n.º B-36355584.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva en metálico depositado na tesourería municipal.

Visto que este expediente se tramitou por urxencia debido ós curtos prazos para a xustificación do financiamento do contrato.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local ós únicos efectos de adxudicar o presente contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa 'BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L.L.', con CIF nº B-36355584, o contrato de servizo de posta en valor do xacemento arqueolóxico do Monte do Facho en Donón polo importe de VINTE E CATRO MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE CON SETENTA E SEIS (24.999,76) EUROS, (21% IVE incluído), debendo rematar os traballos como máximo o día 30.09.2013, todo iso de acordo coa oferta económica achegada polo licitador e o establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen esta contratación

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 336.619 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L.L.', a adxudicación do contrato e citar ó seu representante para a sinatura do contrato.

Quinto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sétimo.- Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice para os efectos da súa ratificación.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a

adxudicación do contrato de servizo de "POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO MONTE DO FACHO EN DONÓN".

5º.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE "SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN".

Vista a resolución da Alcaldía de data 14.8.13, referente a adxudicación do contrato de servizo de "SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN", que é como segue:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de sinalización do roteiro de Cabo Home en Donón.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a Mesa de Contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'CONTENUR, S.L.', con CIF nº B-82806738.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva en forma de aval de entidade financeira.

Visto que este expediente se tramitou por urxencia debido á data establecida para a xustificación da subvención concedida pola Consellería de Medio Ambiente para o financiamento deste contrato.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local para os únicos efectos de adxudicar o presente contrato.

Segundo.- Adxudicar á empresa 'CONTENUR, S.L.', con CIF nº B-82806738 o contrato de servizo de: Sinalización do roteiro de Cabo Home en Donón, polo importe de VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS DEZANOVE CON CORENTA E NOVE (23.519,49) EUROS, (21% IVE incluído) para as dúas anualidades cos seguintes prazos:

- 2013: 10.993,13 € -+ o prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15.09.2013.*
- 2014: 8.994,37 € -» o prazo para finalizar os traballos e realizar as transferencias bancarias xustificativas remata o 15.09.2014.*

Ademais o contrato terá un prazo total de garantía de 3 anos, todo iso de acordo coa oferta económica achegada polo licitador e o establecido nos

pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen esta contratación.

Terceiro.- Dispoñer o gasto por importe de DEZ MIL NOVECIENTOS NOVENTA E TRES CON TRECE (10.993,13) EUROS, correspondente á anualidade do 2013, con cargo á aplicación orzamentaria 170.609 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Nomear á aparelladora, técnica municipal responsable deste contrato, asumindo as tarefas de dirección e supervisión da execución deste.

Quinto.- Notificar a 'CONTENUR, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ó seu representante para a sinatura deste.

Sexto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Oitavo.- Dar conta deste Decreto á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice, para os efectos da súa ratificación.

Noveno.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico e Oficina Técnica."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de servizo de "SINALIZACIÓN DO ROTEIRO DE CABO HOME EN DONÓN".

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- PROPOSTA DE CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO DO PROXECTO DE EMPREGO "IXENIA INGENIEROS".

Examinada a proposta de data 14.8.13 da concelleira de Emprego, Turismo, Comercio, Industria e Consumo, referente a cualificación como iniciativa local de emprego do proxecto de emprego "IXENIA INGENIEROS", que di o seguinte:

"PROPOSTA

A concelleira de Emprego, Turismo, Industria, Comercio e Consumo, Berta Pérez Hernández, con base na documentación presentada referente ó

proxecto de empresa denominado xenericamente ' IXENIA INGENIEROS S.L.' , promovida por Andrés Romero Martínez, con DNI: 73.241.372B, e domicilio na Avda. de Galicia, nº3- 4A, en Cangas e Borja Malvido García, con DNI: 78.738.352Z e domicilio na Avda. da Coruña, nº 121- 3ªA, tamén de Cangas, consistente en:

- memoria previsional de proxecto empresarial para a súa cualificación como Iniciativa Local de Emprego.

- informe razonado da axente de emprego e desenvolvemento local.

propon á Xunta de Goberno Local, o apoio do Concello de Cangas a esta empresa, para que poida ser cualificada e rexistrada como Iniciativa Local de Emprego pola Consellería Traballo e Benestar, segundo o procedemento establecido no Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como, o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral, e beneficiarse no futuro das subvencións e axudas asociadas a estes proxectos innovadores.

O proxecto de empresa ' IXENIA INGENIEROS' , adicarase á realización de proxectos de enxeñería para entornos industriais e medioambientais, así como, ó deseño e fabricación de sistemas electrónicos industriais orientados ó baixo consumo enerxético, á optimización no consumo do auga e ó coidado medioambiental. Esta iniciativa é innovadora a nivel local.

Considérase que un concello apoia un proxecto empresarial deste tipo cando pon a disposición do promotor a achega de recursos económicos e/ou materiais tales como infraestrutura ou servizos que favorezan a posta en práctica e/ou a xestión do negocio.

A concelleira de Emprego suxire as seguintes formas de apoio do concello a esta iniciativa, de entre as medidas de apoio acordadas polo Concello Pleno en sesión ordinaria realizada o día vinteoito de abril de dous mil:

- subministración de accións formativas: o emprendedor durante o período de asentamento da súa empresa poderá obter no concello asesoramento especializado sobre temas legais, urbanísticos, laborais., etc.

Por todo o anterior, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a forma de apoio anteriormente suxerida pola concelleira de Emprego, para facilitar a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto de empresa ' IXENIA INGENIEROS' , perante da Consellería de Traballo e Benestar.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar e ós promotores do proxecto empresarial."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Turismo, Comercio, Industria e Consumo, referente a cualificación como iniciativa local de emprego do proxecto de emprego "IXENIA INGENIEROS".

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

7º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN DE VARIAS.

7.A.1) SOLICITUDE DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE.

Vista a solicitude presentada en data 5.8.13 por MARÍA SANTOS GIRÁLDEZ, con DNI nº 35.886.055-Y, con enderezo en Rúa Os Pinos, nº 2-O Espírito Santo-Coiro, na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 280, que ten instalado no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder á Sra. Santos Giráldez, a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 280, sito no lugar de Rúa Os Pinos, nº 2, condicionado á devolución do sinal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ó departamento de Xestión de Ingresos Municipal.

7.B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL (PINTADO DE BEIRARRÚA):

Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, autorizar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

1.- JESÚS IGLESIAS PIÑEIRO, con DNI nº 78.733.144-G, con enderezo na Avda. de Marín, nº 23, en calidade de administrador da comunidade de propietarios do edificio "Garajes La Palma", con NIF nº H-36.347.961, sita na Avda. Méndez Núñez, nº 31-Cangas, para sinalización na entrada do garaxe do edificio que ten pola Avda. de Marín, por atoparse na actualidade borradas as liñas amarelas de sinalización horizontal dentro do acceso que comunica a Avda. de Marín cos Xardíns do Señal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 9.8.13, referente a sentenza nº 193/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 377/2012, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 193/2013 DE DATA 24.07.2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 377/2012.

Vista a Sentenza nº 193/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 377/2012, instruído a instancia da mercantil MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., pola que se condena a este concello a aboarlle á reclamante a cantidade de 964,83 € en concepto de principal máis os xuros e custos.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 193/2013 dictada en data 24.07.2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 377/2012, instruído a instancia da mercantil Mapfre Familiar Compañía de Seguros y Reaseguros S.A.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de NOVECIENTOS SESENTA E CATRO CON OITENTA E TRES (964,83) EUROS, a favor da mercantil MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., con CIF nº A-28141935, con cargo á aplicación 920.226.99 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza nº 193/2013 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 377/2012.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e dez minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.